



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 9 DE XULLO DE 2015</b>
--

<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
---

<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA E URXENTE <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA
--

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

FALTAN Á SESIÓN

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta e sete minutos do día seis de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, D<sup>a</sup> Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate pon de manifesto que a partir de hoxe e por decisión da Secretaria Municipal, os Plemos non serán transcritos na súa literalidade senon que os mesmos serán un

resumo sucinto do que aconteza na sesión; non obstante seguerán grabándose e se algun concelleiro desexa que conste en acta algunha expresión concreta, deberá decilo á Secretaria e así se fará. Rematada esta intervención, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á EXECUCIÓN DE REFORMAS E DOTACIÓN DE MEDIOS NO CENTRO MÉDICO DA ESTRADA.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DECLARACIÓN DA PONTE DE PONTEVEA COMO BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC)

3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ALAMEDA

### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 1 E 30 DE XUÑO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

5º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PP, PSdeG-PSOE, MÓVETE E BNG.

6º.- DACIÓN DE CONTA ESCRITO DO PP DESIGNACIÓN MEMBROS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DEMÁIS ÓRGANOS COLEXIADOS.

7º.- DACION DE CONTA ESCRITO DO PSdeG-PSOE DESIGNACIÓN MEMBROS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

8º.- DACION DE CONTA ESCRITO DO PSdeG-PSOE DESIGNACIÓN MEMBROS CONSELLOS ESCOLARES.

9º.- DACIÓN DE CONTA ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL MÓVETE COA DESIGNACIÓN MEMBROS CONSELLOS ESCOLARES E PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

\*\*\*\*\*

### **A) PARTE RESOLUTORIA**

#### **1º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á EXECUCIÓN DE REFORMAS E DOTACIÓN DE MEDIOS NO CENTRO MÉDICO DA ESTRADA.**

Esta moción pasa a ser conxunta de todos os grupos municipais tras o seu paso por Comisión Informativa.

Intervén a Voceira socialista D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que con esta moción pretenden instar a reforma do Centro de Saúde. Construído nos anos 70 e que presenta moitas deficiencias, sendo a máis grave o acceso, xa que non conta con rampa de acceso para persoas con discapacidade, dificultando así o traballo dos profesionais; e tampouco conta cun acceso axeitado para as ambulancias, xa que non lle parece solución a establecida polo Concello. As ambulancia seguen aparcando en dobre fila por non ter un espazo axeitado para o seu estacionamento, a pesar de que o Alcalde dous días antes das eleccións prometeu que a empresa encargada da obra de arranxo da Avenida de Santiago, faría un carril de entrada e outro de saída.

Alégrense de que esta moción fora ditaminada co voto unánime de todos os grupos políticos, pero é necesario proceder as reformas. Pide que se solucione o problema de acceso arranxando a zona de aparcamento, polo que pediron e seguen a pedir o proxecto ao Concelleiro Delegado que xa se prometeu pero que aínda non o teñen, e sen esquecernos da zona de parada temporal e a rampa, tan absolutamente necesaria, pois as escaleiras todos sabemos que son un perigo. Tamén é necesario o arranxo do cableado, das portas do propio centro... todos sabemos que estes arranxos non son moi caros e urxe ao Concello para acometer dita reforma o antes posible e aproveita para instar á Xunta a poñer fin de xeito inmediato a todas as deficiencias que presenta o Centro de Saúde da Estrada. Agradece a súa intervención.

De seguido intervén a Voceira de MÓVETE, D<sup>a</sup> Mar Blanco, dicindo que vai votar a favor, xa que o Concello debe facilitar o acceso a doentes e familias, ambulancias e persoas con mobilidade reducida e non entende cómo tardou tanto tempo en presentar ou apoiar esta moción, xa que as deficiencias non xurdiron no mes de marzo que é cando se presentou esta moción, non estamos ante un problema recente, senon qué é algo que se ven arrastrando dende fai anose non se abordou nin na anterior lexislatura nin na anterior, o que lle resulta cando menos curioso.

A continuación ten a palabra o Voceiro do BNG D. Xosé Magariños que ista é unha queixa xeralizada, que se ven facendo dende fai moito tempo, transmitida en prensa, en rogos do Pleno á Consellería, e a ver se con esta moción ponse solución a estes graves problemas que sofre o noso Centro de Saúde, e os seus usuarios, de maneira urxente. Tamén é necesario que comecen os traballos de construción do novo Centro de Saúde. Esperemos que con esta moción faga algo máis a Xunta para arranxar.

Por último pecha o debate o Voceiro do PP, D. Alberto Blanco Carracedo, dicindo que sen restarlle importancia ás deficiencias que ten o Centro de Saúde e que deben ser arranxadas do mellor xeito posible, quere reseñar a incorporación que polo seu grupo se fixo a esta moción que é instar á Consellería de Sanidade para axilizar o Protocolo de Cooperación para a aprobación do estudo de viabilidade e ubicación para un novo Centro de Saúde e o incorpore de forma prioritaria na súa planificación de construción, pois xa dispoñemos de terreos para a súa instalación.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade, adoptándose os seguintes **ACORDOS**:

Vista a Moción Conxunta presentada polos grupos municipais polo que se propón instar á Xunta de Galicia para subsanar as importantes deficiencias históricas que presenta o Centro de Saúde da Estrada, así como instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde para que se axilice o Protocolo de Cooperación para que se establezan as bases para o estudo de viabilidade e ubicación dun novo Centro de Saúde.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde a que poñan todos os medios necesarios para axilizar o Protocolo de Cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Estrada, no que se establecen as bases para o estudo de viabilidade e ubicación para un novo Centro de Saúde e o incorpore de forma prioritaria na planificación de construción dos novos centros de saúde en Galicia.

**Segundo.-** Instar á Xunta de Galicia a subsanar, de xeito inmediato, as importantes deficiencias históricas que presenta o Centro de Saúde da Estrada, de acordo co informe de deficiencias e riscos do centro, así como do xefe de servizo. Atendendo con urxencia as seguintes medidas correctoras.

- Conexión ao xerador eléctrico de todo o Centro de Saúde.
- Construción dunha rampla de acceso á primeira planta.
- Reforma do ascensor.
- Dotar ao centro de camillas plegables que permitan o traslado de pacientes entre plantas e entre as distintas estancias do centro.
- Colocación de pasamáns en ambos os dous lados.
- Cambiar as portas do centro para que cumpran coa Lei de Accesibilidade no referente ao sentido de apertura das mesmas.
- Canalizar os distintos cableados (luz, teléfono, informática, etc.) evitando a súa presenza en zonas de paso.
- Protexer o cadro eléctrico do ascensor.
- Bloquear as portas de montacargas, impedindo que se poidan abrir.

## 2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DECLARACIÓN DA PONTE DE PONTEVEA COMO BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC) .

Toma a palabra D. Xosé Magariños dicindo que a Pontevea é para os concellos da Estrada e de Teo unha referencia hostórica e sociolóxica. Remóntase ao século Xv, probablemente substituindo a outra ponte anterior, sendo o nexo de unión entre Santiago e o noso Concello; non só é patrimonio cultural senon tamén inmaterial, polo que a súa protección por nos debe ser máxima para manter este nexo material e espeiritual con Santiago de Compostela

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade e adoptándose os seguintes **ACORDO**:

Vista a Moción presentada o 02-03-2015 (RE 2230) polo grupo municipal do BNG, pola que se propón que se declare como ben de interese cultural a ponte de Pontevea.

Vista a exposición de motivos detallados na devandita moción.

### **ACORDAMOS:**

Instar á Xunta de Galicia a declarar Ben de Interese Cultural (BIC) a Ponte de Pontevea, ao abeiro do disposto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza, por ser un sitio ou territorio histórico ligado a acontecementos ou lembranzas vinculadas ao pasado, como recolle a presente Lei no seu artigo 8.4.d.

## 3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ALAMEDA .

Toma a palabra o Sr. Magariños para explicar que esta moción é un punto xa debatido na prensa, na quenda de rogos e preguntas en sesión plenaria, e espera que coa moción, o goberno municipal reconsidere a decisión de ampliar os xardíns da Alameda. Aínda que pensa que é unha boa cousa, e que se sobran os cartos podería acometerse a realización destas obras, máis non é así, polo que o BNG entende que neste momento o Concello da Estrada ten outras prioridades; debería potenciarse como zona comercial e núcleo industrial. Para elo entende máis necesario ben desenvolver zonas de aparcamento en superficie, para potenciarse como zona comercial ou ben proceder a aprobación da ampliación do polígono industrial de Toedo, reforzando así o noso concello como núcleo industrial e de emprego. Por eso pide ao goberno municipal que reconsidere esta decisión e aplaze estas obras por falta de necesidade, porque o Concello neste momento ten outras prioridades, e destinar eses cartos, máis de dous millóns de euros, a facer algunha das propostas presentadas polo BNG para potenciar A Estrada como zona comercial e de emprego.

De seguido intervén a voceira do PSdeG-PSOE dicindo que van a apoiar a moción, xa que non é o momento de facer estas obras de ampliación da Alameda. O Concello debe priorizar as súas políticas de apoio á creación de emprego, coa ampliación do polígono industrial de Toedo. Pensa que a ampliación das zoas verdes do Concello, aínda que boa, pode esperar, e o que debe facer o Concello nestes tempos de crise é aumentar o solo urbán industrial, apoiar ás nosas empresas e fomentar a creación de emprego na nosa comarca.

Di que están previstos dous millóns de euros para este proxecto, pero que hai reclamacións patrimoniais, a cuantía prevista no PXOM é superior á plantexada, o xustiprezo seguro que aumenta, polo que entende que o custo orixinal vaise elevar. Manifesta que isto vai ser unha hipoteca para o pobo da Estrada e non entende que nestes tempos no que os veciños da Estrada teñen necesidades económicas, donde hai moita precariedade laboral, o Concello opte por facer unha inversión como esta. Pide ao goberno municipal que se reconsidere, pospoña esta inversión e se acometan as cuestións que consideran

prioritarias, un apoio á creación de solo industrial para que poida vir novo emprego para A estrada.

Toma despois a palabra a Voceira de MÓVETE, D<sup>a</sup> Mar Blanco, para dicir que está de acordo en que hai outras prioridades, que ao ser limitados os recursos públicos, deben ser xestionados de maneira eficiente e pola situación de crise que estamos a vivir, non lle parece procedente nin economicamente viable a ampliación da Alameda. Dito isto, pon de manifesto que é unha prioridade usar o PXOM para impulsar a actividade económica, pero non está de acordo co BNG no que respecta aos parkings, pois non lle parece necesario mercar un terreo privado de seis alturas co custe que suporía para facer un parking, cando entende que as necesidades de aparcamento da Estrada están cubertas. Deberían mellorarse os xa existentes ou, en todo caso, mercar terreos de monte ou non urbanizables, pero non mercar parcelas urbanas. Tampouco entende que o problema do comercio local teña a súa base nos problemas de aparcamento, senón na mediocre capacidade adquisitiva dos veciños do concello. Di que urxente e prioritario é crear emprego de calidade, polo que non lle parece serio facer proposicións que non van encauzadas a solucionar o problema; e con isto refírese a segunda proposta plantexada na moción do BNG, debería ser máis concreta, máis específica, establecendo os criterios a seguir. Consideran prioritario traballar xuntos para conseguir o obxectivo do impulso económico do noso concello e con elo mellorar a situación económica dos veciños, pero cree que a moción presentada polo BNG non queda claro que esté orientada á consecución deste obxectivo, polo que vaise abster.

Por último, para pechar a primeira quenda de intervencións, toma a palabra o voceiro do PP, dicindo que estamos ante un momento histórico que hai que aproveitar. Este proxecto é unha petición que ven dende tempo atrás por parte de todos os grupos políticos e co apoio do pobo da Estrada. O PP o leva no seu programa electoral e quere cumprir con este e ademais entende que as circunstancias actuais supoñen unha oportunidade económica de compra que hai que aproveitar.

Respecto ao dito na moción do BNG de que isto suporía a centralización dosespazos verdes da Estrada, que re poñer de manifesto que actualmente estanse a desenvolver distintas zonas verdes, co desenvolvemento do Plan Parcial da Baiuca, no novo campo de fútbol, no SUM-R01... polo que non existe dita centralización.

Está de acordo coa necesidade de buscar solo industrial, pero entende que isto non é incompatible con este proxecto de ampliación da Alameda.

Respecto dos aparcamentos, comparte o dto por Móvete, e quere recalcar que este goberno está intentando dar solucións a este problema, e ampliou considerablemente prazas de aparcamento co SUM-R01, o plan parcial da Baiuca, o Mercadona... aínda que considera que debe seguir mellorando dita cuestión.

No que falan de creación de emprego, lembra que estamos a falar de inversións, non de políticas de emprego; políticas que o equipo de goberno desenvolve cos obradoiros e decisións nese ámbito, pero aquí estamos a falar dunha inversión, que o que busca é mellorar a calidade de vida dos veciños da Estrada, para que non estean todos apretados nun pequeno espazo o día que sae o sol. Esta inversión economicamente suporía unha cifra de endebedamento moi baixa (23%) cando o límite está no 75%, polo que considera que esta inversión é totalmente asumible. En canto ao xustiprezo. É verdade que os titulares teñen dereito a alegar respecto das decisións da administración pero iso non é óbice para tomar as decisións que correspondan.

Reitérase en que é unha decisión acertada e reclamada xa dende fai tempo polo pobo da Estrada.

Volve a intervir D. Xosé Magariños dicindo que nese día escoitou na radio que moitas cidades das que construíron catedrais na Idade Media, arruináronse, e pensou que isto mesmo lle pode pasar a este Concello coa Alameda, e ao final o que terán é un solar valeiro, sen uso, como pasou co Lidl.

No que respecta aos aparcamentos, di que a verdade é que non lle sorprende que o PP prefira construír un mamotreto de seis alturas ao lado da Casa das Letras en vez de gañar un espazo aberto xusto ao lado da biblioteca e protexer este edificio público. Pero explica que o que eles propoñen é poñer en funcionamento os mecanismos de xestión que recolle o PXOM para ampliar os

espazos públicos municipais e contar tanto con máis prazas de aparcamento, espazos verdes e espazos abertos.

Di que A Estrada ten un problema derivado da capacidade económica dos seus veciños, pero non é diferente do que teñen os veciños de Forcarei, de Cuntis... pero hai que engadir outro problema e é que da que pasan pola Estrada, como non hai onde aparcarse, pois seguen para Santiago, que teñen onde aparcarse. O concello da Estrada non conta cos servizos necesarios para ser capital comarcal, e ese é o principal problema para o comercio da Estrada.

Remarca que eles non falan da segunda fase do Polígono Industrial de Toedo, senon da ampliación da primeira fase que xa está en funcionamento, pero se MÓVETE ten algunha proposta neste sentido eles encantados de engadila á súa moción.

Intervén de seguido a Voceira socialista, D<sup>a</sup> Belén Louzao, dicindo que están aquí para falar de se o Concello da Estrada vai usar preto de dous millóns de euros para facer uns xardíns ou se van a apostar por contribuir a mellorar a situación económica deste Concello. É certo que no seu momento era unha reivindicación apoiada polos veciños, pero agora mesmo as circunstancias e as necesidades son outras. Entende que hai que ser responsable e gobernar de forma racional: se imos destinar os cartos para mellorar a política económica municipal e dar emprego para axudar ás familias que fixe poboación, que traia veciños a este Concello ou se imos ter un parque para pasear; por iso van a apoiar a moción.

Toma a palabra D<sup>a</sup> Mar Blanco dicindo ao Voceiro do BNG que non dixo que se teña que construír ese edificio, pero que se o Concello quere facer alí un parking terá que mercar o solar polo seu valor construtivo, que é de seis plantas. Tamén se pode tomar a opción de que o particular constrúa alí un aparcamento privado, como se fai en Santiago en moitas ocasións.

Por último interven o voceiro Popular dicindo que tal e como di o Sr. Magariños, hai que protexer os edificios públicos, e con este proxecto se está a protexer o edificio máis importante deste Concello que é o Consistorio.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, rexeitándose a mesma por maioría, cos votos en contra do PP, as abstencións de MÓVETE e os votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG.

\*\*\*\*\*

Introdúcense por urxencia na parte dispositiva deste Pleno e co voto favorable da unanimidade dos Concelleiros presentes as seguintes mocións:

**A.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA O ASUNTO DO MATADOIRO.**

A Voceira socialista D<sup>a</sup> Belén Louzao pon de manifesto que a data de hoxe xa rematou o prazo para a regulación da situación económica da empresa concesionaria do Matadoiro municipal e, non habendo solución pola entrada da concesionaria no concurso de acreedora, é necesario que este Concello se volque con este problema e se cree unha Comisión Informativa Especial para buscar a solución máis áxil a este problema onde se solicite a redacción dos informes de Secretaría e Intervención.

Intervén, a posteriori, o voceiro nacionalista D. Xosé Magariños dicindo que o Matadoiro é do pouco que este Concello conserva do sector primario e debe manterse no tempo este servizo, polo que apoian a moción.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que xa hai informe de Secretaría ao respecto, que levan quince días xa sobre este asunto e a Secretaría ten un criterio claro ao respecto, pois o concurso de acredores é unha das causas de rescisión automática da concesión e entende que a creación dunha comisión informativa especial só ralentizaría as decisións que se teñen que tomar, que en calquera caso son cuestións de xestión do goberno municipal, que será o que teña que tomar as decisións. Di que se solicitou informe ambiental á Xunta de Galicia e de todo isto se lle dará coñecemento na Comisión Informativa que corresponda.

Resposta D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que esta é unha cuestión trascendente para

o Concello e só queren colaborar, xa que o órgano de contratación é o Pleno. Pide ter coñecemento e acceso aos pregos, informes de Intervención e Secretaría, do solicitado á Xunta de Galicia etc...

Intervén tamén D.Xosé Magariños dicindo que esta moción ten intención de sumar pero se o goberno entende que non necesita colaboración pois adiante.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, rexeitándose a mesma por maioría, cos votos en contra do PP e os votos a favor de PSdeG-PSOE, MÓVETE e BNG.

#### **B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MÓVETE PARA INSTAR A RECUPERACIÓN DA ACTIVIDADE "CINE DE VERÁN" NAS RÚAS.**

A Voceira do grupo MÓVETE xustifica a urxencia desta moción en que xa estamos en xullo e se queremos facer esta actividade no verán, para o mes de agosto, debería adoptarse o acordo nesta sesión plenaria. É aprobada por unanimidade urxencia e de seguido D<sup>a</sup> Mar Blanco procede a dar lectura á súa moción:

*"Durante anos os veciños da Estrada pideron gozar do "Cine na Rúa" nas noites der verán, e demostraron que esta actividade de ocio á vez que cultural contaba cunha grande aceptación entre a xente en todas as franxas de idade e independentemente das súas circunstancias socioeconómicas. O Copncello debe proporcionar e garantir actividades de ocio á vez que culturais para a época estival e a actividade que propoñemos, como dicíamos, xa demostrou ser do gusto dos estradenses ao tempo que viable economicamente.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

*1. O Concello da Estrada comprométese a recuperar para a vila o "Cine na Rúa para as noites de verán.*

*a. Dous días á semana: martes e xoves.*

*b. Será na Alameda sempre que o tepo o permite e en caso de choiva trasladarase ao cine.*

*c. A selección de películas será feita polo departamento de Cultura do Concello, tendo en conta as peculiaridades propias desta actividade*

*2. O Concello da Estrada comprométese a levar ao rural o "Cine na Rúa" para oas noites de verán.*

*a. Informar ás asociacións de veciños da posibilidade de levar esta actividade ás parroquias. Serán as propias asociacións as que soliciten ao Concello a organización da actividade en caso de estar intereadas de disrutar da mesma nas respectivas parroquias".*

De seguido intervén D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que a actividade cultural é importante no Concello e trasladar ás parroquias esta actividade tamén, polo que lles parece adecuada a recuperación desta actividade de cine de verán e plantexa a cuestión de buscar un local público para o caso de choiva.

O Voceiro do BNG D. Xosé Magariños tamén apoia esta moción e coincide co PSOE na necesidade de trasladar o cine a espazos públicos no caso de choiva. Tamén solicita que o doblaxe sexa en galego ou que sexa en VSO subtitulada en galego. Sobre o punto 2 ten dúbidas no que respecta ás asociacións, a implicación das asociacións é importante pero o feito de que algunha non se implique non debería supoñer que esa parroquia non conte con esta actividade.

Por último intervén o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que no seu momento ista foi unha opción que tivo aceptación entre o pobo pero que o goberno decidiu retirar e cambiala pola opción do teleclubes co que as 51 parroquias da Estrada teñen acceso ao cine. Entenden que tocou ao seu fin e di que non descartan a súa recuperación, pero obviamente non para este ano que xa estamos en xullo, senón para o próximo ano.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, rexeitándose a mesma por maioría, cos votos en contra do PP e os votos a favor de PSdeG-PSOE, MÓVETE e BNG.



### C.- MOCIÓN DO GRUPO BNG EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO

Explica D. Xosé Magariños esta moción dicindo que saben da importancia deste Sector no Concello onde existen máis de 500 explotacións e reflexa que desde 1990 pasouse de máis de 14.000 explotacións en Pontevedra a 4.000 na actualidade, e non se pode deixar caer un sector prioritario, como é o leiteiro. Ahí está xustificada a urxencia desta moción, que é aprobada por unanimidade.

Non se pode deixar caer un sector prioritario, e con esta moción preténdese apoiar ao sector leiteiro e comprometerse coa súa defensa, co dereito a producir coa garantía de prezos en orixe xustos.

De seguido procede a dar lectura á parte dispositiva da súa moción:

*"1. O Concello de A Estrada comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.*

*2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.*

*3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo de leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:*

*a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.*

*b) Establecer, neste ámbito, os criterios e indicadores sobre os que derbe construírse a cadea de valor do leite e por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.*

*c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias de conducións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das conducións de negociación e cumprimentos contractuais.*

*4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclao mediante a súa venda a perdas".*

Continua dicindo que é vergonzoso que aos empresarios se lles permita facer este tipo de políticas usando alimentos de primeira necesidade de maneira perversa. Non vale que os produtores estranxeiros poidan vir a vender aquí cuns prezos que non pagan os custes de produción.

Intervén D<sup>a</sup> Belen Louzao dicindo que coincide co fondo do asunto desta moción. Son máis dun milleiro de persoas as que viven neste Concello directamente da leite. Non se pode mercar gasóleo, forraxe, pois os gandeiros xa non teñen cartos pola rutura dos contratos de forma unilateral por parte das empresas produtoras. Este é un sector vital para este concello e este comarca polo que o noso apoio é total.

D<sup>a</sup> Mar Blanco tamén se pronuncia a favor de un sector fundamental para A Estrada e para Galiza.

Por último pecha a quenda de intervencións o Alcalde-Presidente manifestando unha predisposición clara a apoiar esta moción pois é unha parte fundamental do sector produtivo deste Concello. Explica que tivo reunión con varios produtores e cooperativas e pola súa parte todo o apoio e súmase a esta moción para apoiar a este sector e a economía local da Estrada.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por unanimidade e adoptando os seguintes **ACORDOS**:

Vista a moción presentada o 01-07-2015 (RE 8747) polo BNG, en relación á defensa do sector lácteo galego.

### **ACORDAMOS:**

**1º.-** O Concello de A Estrada comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

**2º.-** Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que, a través de todos os mecanismos de que dispoñan, apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

**3º.-** Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo de leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Establecer, neste ámbito, os criterios e indicadores sobre os que derbe construírse a cadea de valor do leite e por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias de conducións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das conducións de negociación e cumprimentos contractuais.

**4º.-** Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclao mediante a súa venda a perdas.

### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

**4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 1 E 30 DE XUÑO DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido enre os días 1 e 30 de xuño de 2015 (ambos os dous incluídos).

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PP, PSdeG-PSOE, MÓVETE E BNG.** Dáse conta dos seguintes escritos de constitución dos grupos municipais:

- Escrito do BNG presentado o 13-06-2015 (RE 78694).
- Escrito de MÓVETE presentado o 17-06-2015 (RE 8067).
- Escrito do PP presentado o 18-06-2015 (RE 8085).
- Escrito do PSdeG-PSOE presentado o 19-06-2015 (RE 8237)

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**6°.- DACIÓN DE CONTA ESCRITO DO PP DESIGNACIÓN MEMBROS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DEMÁIS ÓRGANOS COLEXIADOS.** Dáse conta do escrito presentado en data 30-06-2015 (RE n° 8720) polo grupo municipal do PP polo que se designa os membros das Comisións Informativas e demais órganos colexiados.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**7°.- DACION DE CONTA ESCRITO DO PSdeG-PSOE DESIGNACIÓN MEMBROS COMISIÓNS INFORMATIVAS.** Dáse conta do escrito presentado con data 27-06-2015 (RE n° 8465) polo grupo municipal do PSdeG-PSOE polo que designa membros para formar parte das Comisións Informativas.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**8°.- DACION DE CONTA ESCRITO DO PSdeG-PSOE DESIGNACIÓN MEMBROS CONSELLOS ESCOLARES.** Dáse conta do escrito presentado con data 27-06-2015 (RE n° 8467) polo grupo municipal do PSdeG-PSOE polo que designa membros para formar parte dos Consellos Escolares.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**9°.- DACIÓN DE CONTA ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL MÓVETE COA DESIGNACIÓN MEMBROS CONSELLOS ESCOLARES E PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA.** Dáse conta dos escritos presentados polo grupo municipal de MÓVETE con data 25-06-2015 (RE núms. 8432 e 8433), polos que designa membro para formar parte dos Consellos Escolares e Padroado da Fundación Cultural da Estrada, respectivamente.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

#### **10°.- ROGOS E PREGUNTAS**

Dª Belen Louzao roga novamente a creación dunha Comisión Informativa especial para a rescisión do contrato do Matadoiro, co traslado do informe de Sanidade solicitado á Xunta e os informes de Secretaría e Intervención, e que se convoque aos representantes dos traballadores para apoialos e facilitar na medida do posible a transición nesta situación de cambio.

En segundo lugar presenta unha queixa sobre o desbrozado dunha canalización de rego da parroquia de Vinceiro para poder usar estas augas de rego para poder regar os seus cultivos de millo e patacas.

En terceiro lugar di que hai un erro grave na acta de xunta de goberno de 29/06/2015, onde se aproban facturas por máis de 300.000 euros, sen que conste o listado de facturas, destacando ademais que máis de 200.000 euros van con informe desfavorable e reparo suspensivo de Intervención. Pide copia de xeito inmediato deses listados de facturas e do informe de Intervención correspondente.

Tamén pide copia dos expedientes dos contratos de mantemento de camiños e vías públicas posto que en xunta de goberno podemos ver que existe reparo de intervención, pagándose en contra dos seus criterios.

Resposta o Sr. Alcalde que sobre o matadoiro haberá unha comisión ao respecto, non especial, na que terán sobrada información no seu momento.

Respecto da queixa de Vinceiro, di que deben ter alí a unha persoa moi traballadora, pois todos os anos é a mesma queixa. Di que xa están traballando nelos nestes momentos, aínda que se empezou, como a voceira socialista comprenderá, coa limpeza dos camiños e pistas que lles preocupa máis aos veciños, que entendemos prioritaria respecto á presa de rego, aínda que xa se está a limpar dita presa.

Respecto aos rogos 3 e 4, entende que esta non é a vía para solicitar dita documentación, di que ten que ir a Intervención e solicitar alí toda a documentación que considere necesaria, pois está no seu dereito de pedila. Pídelles que exercite o seu dereito como concelleira e solicite toda a documentación que sexa necesaria para ás súas labores, pero que o plenario non é a vía para este tipo de peticións.

Resposta D<sup>a</sup> Belén Louzao que roga non ter que traer todos os anos o mesmo rogo, senon que sexan eficientes na súa xestión e non teñan que recordarlles todos os anos, pois é a súa obriga. O mesmo se pode decir de que os expedientes estean completos, que toda a documentación das xuntas de goberno se lle de traslado e o mesmo de que colguen os expedientes na páxina web, pois é a súa obriga.

Resposta o Sr. Alcalde que neste Concello ten total transparencia para acceder aos expedientes, velos e revisalos e que se quere tamén lle pode dar copia dos 750 reparos que o anterior goberno levantou respecto dos informes de Intervención, que desos tamén se quere lle pode dar copia.

Intervén de seguido D<sup>a</sup> Mar Blanco, Voceira de MOVETE. Pedindo:

- revisar as marquesinas de todo o rural e proceder o arranxo das que estean deterioradas e colocar unha no Roio

- Solicitar á Comisión de Festas da Estrada que faga público o orzamento das Festas da Estrada

- Mellora na distribución dos contedores no rural e garantir a súa limpeza

Resposta o Sr. Alcalde que o primeiro rogo é unha boa aportación e que o terán en conta e apunta o de Roio que non a tiña en mente. Respecto do segundo di que a asociación de Festas San Oaio 2015 non é municipal polo que non se pode pedir esa documentación, que o traballo que fai a Comisión de Festas é moi complexo, que se queren organice MOVETE un ano esas festas xa que é un movemento veciñal e que aproveiten para saber o que é a organización dunhas festas patronais. Aproveita para felicitar á Comisión de Festas polo seu traballo neste ano 2015 e lle explica que o Concello só pode dar conta do diñeiro que aportou para as mesmas que son 50.000 euros, que serán no seu moemnto debidamente xustificadas. Respecto do último rogo di que é un problema importante de mantemento, e non só no rural, senon en todo o Concello da Estrada, incluído o núcleo urbán. Fixeron un esforzo coa limpeza de contedores e rúas antes das festas, e deben seguir nesta liña este ano e hai que tomar algunha decisión respecto a recollida de lixo. Saben que o Concello da Estrada estaba nun programa provincial pero agora quedou parado, polo que se vai ter que tomar algunha decisión xa que o servizo que agora temos é lamentable e neste senso hai que avanzar neste Concello, xa que non é unha cuestión menor senon algo que preocupa a todos os veciños da Estrada.

Di que algúns falan de privatización nas súas campañas electorais e presentan fotos do que esto suporía, pero non é así. Resposta o Sr. Magariños que a foto o que quería dicir é que no caso de facerse a privatización ese podería ser o resultado, non que eso fora consecuencia da privatización.

Entran de seguido nun debate sobre a adxudicación de contratos e as posicións do BNG e o PP ao respecto. Céntranse novamente en cuestións locais e o voceiro do BNG fai os seguintes rogos:

1. Que se limpe o entorno do ponte colgante de Couso

2. Poñer un cartel na zona da gasoliñeira de Figueroa, na que se prohíbe o paso de camions que poña "agás camiós de incendios"

De seguido pregunta:

1. se existe algún problema no departamento de Urbanismo que xustifique os importantes retrasos que estanse a producir e que os veciños lle trasladan?

2. Hai anuncios de campus deportivos nos que participa o Concello, e cal é o motivo de que a cartelería sexa en castelan? Di que lle están facendo moi mala publicidade aos seus amigos (referíndose ao Secretario Xeral de Política Lingüística)

3. No BOE de 25 de xuño publicou se a reforma da Lei Hipotecaria e o Catastro Inmobiliario, q ven a axustarse a STS de maio de 2014, e que entrará en vigor a 1 de novembro e que obriga a que os Concellos a comunicar a situación urbanística dos solos urbanizables que non foran desenvolvidos para que passasen a rústico. A FEMP solicitou tamén dito envío ao Catastro e así os veciños afectados pola Cidade do Moble. Polo tanto pregunta se enviou dito informe e no caso de non telo remitido que o faga ca maior premura posible.

Resposta o Sr. Alcalde que xa non sabe cómo explicarlle isto para que o entenda por non se sabe xa que vez. Di que a Cidade do Moble é un proxecto supramunicipal, un proxecto sectorial iniciado pola Xunta e foi aprobado pola

Xunta de Galicia , polo que non se atopa dentro dos supostos establecidos pola reforma da Lei Hipotecaria. O que sí vai ter incidencia na próxima Ponencia de valores e que todas as bolsas de solo urbanizable que constan no PXOM van pasar a ser solo rústico, o que no concello da Estrada non vai ter moita repercusión pola exención solicitada do pago do IBI a 1147 propietarias de fincas situadas segun as normas do 78 en solo urbán e que co PXOM quedaron fora deses ambitos. Só tributarán aqueles solos urbáns e urbanizables que teñan aprobados un instrumento de desenvolvemento e non é o caso, xa que este instrumento está aprobado en 2010 e clasificado como solo urbán. Está no suposto de tributar e haberá que buscarlle algunha solución, pero non por esa vía.

O Sr. Magariños insiste dicindo que se mandaron o informa á Catastro? Resposta o Sr. Alcalde que sí, que o Catastro é perfecto coñecedor de todo o que aconteceu, de todos os acordos plenarios que aquí se tomaron e demais. Dí o Sr. Magariños que dito informe se faga chegar aos veciños xa que eles non teñen constancia de dita remisión e o Concello comprometeuse a darlles dita información.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas once minutos.

A Estrada, 9 de xullo de 2015  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso